

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE SAÚDE MENTAL COMUNITARIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa Asociación ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento por parte da Asociación ANDAINA Pro Saúde Mental dos seguintes programas:

Programa de apoio socioeducativo comunitario e atención no fogar, dirixido a persoas con enfermidade mental crónica de longa duración, con alta conflictividade familiar, alto nivel de dependencia funcional e baixo nivel de consciencia de enfermidade, que se atopan no domicilio familiar en situación de desamparo, na comarca de Ordes e Ulla-Sar.

Como obxectivo xeral, está a procura de mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade mental, así como a atención as súas familias que se atopan no seu domicilio sen asistencia psicosocial, previndo a dependencia no ámbito rural.

Os obxectivos específicos do programa son os seguintes:

-Achegar unha intervención integral que traballe no preventivo, educativo, social e rehabilitado, tendo en conta o seu entorno sociofamiliar e económico.

-Fortalecer a relación institucional cos actores sanitarios e sociais das comarcas.

-Acompañar, orientar e apoiar naquelas accións que favorezan a súa integración familiar, social e laboral na comunidade.

Programa centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral. Dispositivo de saúde mental que prestan unha atención diúrna globalizadora e multidisciplinar, dirixida ás persoas con enfermidades mentais crónicas e estables e aos seus familiares, coa finalidade da rehabilitación e integración social e laboral das persoas usuarias. Son un dispositivo complementario constituídos como unidades de apoio comunitario ao amparo do Decreto 389/1994 de 15 de decembro e da Orde de 23 de outubro de 1998.

Ten como obxectivo xeral a mellora da calidade de vida das persoas usuarias do centro de rehabilitación e especialmente a súa autonomía.

Os obxectivos específicos do programa son os seguintes:

-Mellorar a inserción social e formativa dos/as usuarios/as.

-Mellorar as actividades da vida diaria así como as habilidades cognitivas e de desempeño.

-Reducir a sintomatoloxía negativa e previr a positiva nas persoas con trastorno psicótico e así reducir o número de ingresos hospitalarios.

-Mellorar o funcionamento psicosocial da persoa, posibilitando a maior autonomía e independencia posible.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



A asociación ANDAINA Por Saúde Mental é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio as persoas con enfermidades mentais e as súas familias, tendo como un dos seus fins promover a recuperación e integración social e laboral das persoas que padecen trastornos mentais, así como a mellora da asistencia e calidade de vida dos seus familiares e amigos, e a defensa dos seus intereses e dereitos.

Ámbalas dúas partes deste convenio consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas promovendo a divulgación da enfermidade e dando a coñecer a importancia real que ten o problema de saúde e a integración social, así como o establecemento de programas de estadias de ocio ás persoas con enfermidade mental, e o apoio aos seus coidadores, para os efectos de mellorar a calidade de vida destas persoas e dos seus familiares.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria,

Santiago de Compostela

